

# XEFATURA DO ESTADO

**8257** *LEI 10/2002, do 29 de abril, pola que se modifica a Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes, para a incorporación ó dereito español da Directiva 98/44/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de xullo, relativa á protección xurídica das invencións biotecnolóxicas. («BOE» 103, do 30-4-2002.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os avances en bioloxía e xenética molecular e o desenvolvemento das técnicas de enxeñería xenética nas últimas décadas converteron a biotecnoloxía nun dos sectores con maior potencial de futuro, tanto pola súa importancia económica como pola súa repercusión en ámbitos tan esenciais para a satisfacción de necesidades humanas como son a saúde, a alimentación e o medio.

As invencións biotecnolóxicas, malia referirse a organismos vivos, son patentables. Nin o dereito nacional nin o dereito europeo de patentes (Convenio sobre concesión de patentes europeas feito en Munich, o 5 de outubro de 1973) recollen a prohibición ou exclusión da patentabilidade da materia biolóxica. Os investimentos que reúnan os requisitos de patentabilidade (novidade, actividade inventiva e aplicación industrial) son patentables mesmo cando teñan por obxecto un produto que estea composto ou que conteña materia biolóxica, ou un procedemento mediante o cal se produza, transforme ou utilice materia biolóxica.

A necesidade de adapta-lo marco legal de protección das invencións na Unión Europea ás características deste sector da innovación é a razón de ser da Directiva 98/44/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de xullo, relativa á protección xurídica das invencións biotecnolóxicas. Con ela a Unión Europea pretende garantir unha protección eficaz e uniforme destas invencións no conxunto dos estados membros, imprescindible para fomenta-los investimentos en investigación e desenvolvemento da industria biotecnolóxica europea e afianza-la súa posición competitiva no mercado mundial.

Especial relevancia ten o feito de que a Organización Europea de Patentes incorporara en xuño de 1999 o Regulamento de execución do convenio de patente europea para adaptalo ás disposicións da directiva. Máis do 80 por 100 das patentes con vixencia en España teñen a súa orixe en patentes europeas concedidas pola Oficina Europea de Patentes, que teñen efectos como patentes nacionais unha vez que se validan, logo de presentación da tradución e pagamento da taxa correspondente.

A presente lei, en consecuencia, ten por obxecto incorporar ó dereito español a Directiva comunitaria mediante a reforma da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes, e adecua-las previsións nacionais ás xa existentes na regulación da patente europea, todo iso dentro do marco xeral do acordo sobre os aspectos dos dereitos de propiedade intelectual relacionados co comercio. Estrúcturase en catro artigos que desenvolven catro áreas fundamentais.

En primeiro lugar, delimítanse as invencións biotecnolóxicas patentables. Admítese expresamente a patentabilidade da materia biolóxica se foi illada ou producida por medio dun procedemento técnico. Este criterio é fundamental para distingui-la invención patentable do descubrimento non patentable.

Os elementos illados do corpo humano ou obtidos mediante un procedemento técnico, incluídas as secuencias xenéticas cunha aplicación industrial determinada, poderán ser patentados cando reúnan os requisitos xerais de patentabilidade das invencións.

En sentido contrario, establécese a liña divisoria xeral entre o que se pode e o que non se pode patentar no reino da materia vivente e prevese a posibilidade de denega-la patentabilidade de invencións por motivos éticos ou de orde pública.

Entre as invencións que, en todo caso, se consideran contrarias á orde pública ou á moral inclúense catro supostos de prohibición absoluta, que non son exhaustivos, e comprenden os procedementos de clonación de seres humanos, os de modificación da identidade xenética xerminal do ser humano, as utilizacións de embrións humanos con fins industriais ou comerciais e os procedementos de modificación da identidade xenética dos animais que supoñan para estes sufrimentos sen utilidade médica substancial para o home ou o animal, así como os animais resultantes de tales procedementos. Non obstante, a prohibición de utilización de embrións humanos con fins industriais ou comerciais non afecta ás invencións técnicas que teñan un obxectivo terapéutico ou de diagnóstico que se aplican ó embrión e que lle son útiles.

Cando a invención teña por obxecto unha materia biolóxica de orixe humana ou utilice unha materia deste tipo, a persoa a quen se realizaran as tomas deberá ser informada e ter ocasión de da-lo seu consentimento libre para as ditas tomas. Sen embargo, este consentimento non poderá esixirse como condición de patentabilidade da invención, nin a súa falta ou inexactitude afectará á validez da patente xa concedida.

A prohibición de patentar variedades vexetais e razas animais mantense. Non obstante, non alcanzará a prohibición de patentar invencións que teñan por obxecto vexetais ou animais, que serán patentables sempre que a viabilidade técnica da invención non se limite a unha variedade vexetal, definida na Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, de réxime xurídico da protección das obtencións vexetais, ou a unha raza animal determinada.

Quedan tamén excluídos da patentabilidade os procedementos esencialmente biolóxicos de obtención de vexetais ou de animais que consistan integramente en fenómenos naturais como o cruzamento ou a selección. Esta exclusión non alcanza os procedementos microbiolóxicos ou outros procedementos técnicos, nin os produtos obtidos mediante estes.

Cando unha invención teña por obxecto unha materia biolóxica de orixe vexetal ou animal ou que utilice unha materia deste tipo, a descrición relativa á dita invención deberá incluír, se é o caso, información sobre o lugar xeográfico de orixe da dita materia, cando esta sexa coñecida, e iso sen prexuízo do exame das solicitudes de patente e da validez dos dereitos que deriven das patentes expedidas.

Un segundo aspecto que se regula son as condicións de depósito, almacenamento e conservación da materia biolóxica cando sexan necesarias para a conservación das súas propiedades de bioutilización, de acordo co Tratado de Budapest, e cando non sexa accesible ó público ou sexa necesario como complemento da descrición, cando non poida ser descrita na solicitude de patente de maneira que un experto poida reproducir-la invención.

Entre outros requisitos, a materia biolóxica deberá ser depositada nunha institución recoñecida para iso conforme os convenios internacionais sobre esta materia vixentes en España.

O acceso á materia biolóxica depositada realizarase mediante a entrega dunha mostra desta á persoa que o solicita, que quedará obrigada a cumprir determinados compromisos de confidencialidade.

Un terceiro bloque de previsións recolle o alcance da protección da patente tendo en conta as especiais características da materia biolóxica, que é a que contén información xenética autorreproducíbel ou reproducíbel nun sistema biolóxico.

Para que a protección sexa real debe comprenderlo material obtido por reprodución biolóxica a partir do patentado, así como os produtos nos que se conteña e exerza a súa función a información xenética. Este réxime xeral ten unha excepción nos dereitos do agricultor que adquira do titular da patente, ou co seu consentimento, material de reprodución vexetal ou animal con fins de explotación agrícola que incorpore a invención protexida. Neste caso, o agricultor poderá utilizar o produto da súa colleita para ulterior reprodución e multiplicación realizada na súa propia explotación. Así mesmo, o titular da patente deberá autorizar o agricultor a utilizarlo gando protexido con fins agrícolas, incluíndo a posta á disposición do gando ou doutro material de reprodución animal, para que o agricultor poida proseguir a súa actividade agrícola.

Xunto a iso prevese o «esgotamento comunitario» dos dereitos do titular dunha patente que non poderá exercelos unha vez posto o produto no mercado no territorio da Unión Europea por el mesmo ou co seu consentimento.

Finalmente, no cuarto bloque de regulacións intégrase un novo suposto de licencias obrigatorias por dependencia entre titulares de patentes de invencións biotecnolóxicas e titulares de dereitos de obtención vexetal. Tanto uns coma outros deben conceder a licenza obrigatoria cando a variedade ou a invención posterior supoña, respecto da anterior, un progreso técnico significativo, de considerable importancia económica.

### Artigo primeiro. *Patentabilidade.*

Introdúcense as seguintes modificacións no título II da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes:

Un. O artigo 4 da Lei de patentes queda redactado como segue:

#### «Artigo 4.

1. Son patentables as invencións novas, que impliquen actividade inventiva e sexan susceptibles de aplicación industrial, mesmo cando teñan por obxecto un produto que estea composto ou que conteña materia biolóxica, ou un procedemento mediante o cal se produza, transforme ou utilice materia biolóxica.

2. A materia biolóxica illada do seu contorno natural ou producida por medio dun procedemento técnico poderá ser obxecto dunha invención, incluso cando xa exista anteriormente en estado natural.

3. Para os efectos da presente lei, entenderase por "materia biolóxica" a materia que conteña información xenética autorreproducíbel ou reproducíbel nun sistema biolóxico e por "procedemento microbiolóxico", calquera procedemento que utilice unha materia microbiolóxica, que inclúa unha interven-

ción sobre esta ou que produza unha materia microbiolóxica.

4. Non se considerarán invencións no sentido dos epígrafes anteriores, en particular:

a) Os descubrimentos, as teorías científicas e os métodos matemáticos.

b) As obras literarias, artísticas ou calquera outra creación estética, así como as obras científicas.

c) Os plans, regras e métodos para o exercicio de actividades intelectuais, para xogos ou para actividades económico-comerciais, así como os programas de ordenadores.

d) As formas de presentar informacións.

5. O disposto no punto anterior exclúe a patentabilidade das invencións mencionadas nel soamente na medida en que o obxecto para o que a patente se solicita comprenda unha delas.

6. Non se considerarán como invencións susceptibles de aplicación industrial, no sentido do punto 1, os métodos de tratamento cirúrxico ou terapéutico do corpo humano ou animal nin os métodos de diagnóstico aplicados ó corpo humano ou animal. Esta disposición non será aplicable ós produtos, especialmente ás substancias ou composicións, nin ás invencións de aparellos ou instrumentos para a posta en práctica de tales métodos.»

Dous. O artigo 5 da Lei de patentes queda redactado como segue:

#### «Artigo 5.

Non poderán ser obxecto de patente:

1. As invencións das que a explotación comercial sexa contraria á orde pública ou ós bos costumes, sen poderse considerar como tal a explotación dunha invención polo mero feito de que estea prohibida por unha disposición legal ou regulamentaria.

En particular, non se considerarán patentables en virtude do disposto no parágrafo anterior:

a) Os procedementos de clonación de seres humanos.

b) Os procedementos de modificación da identidade xenética xermlinal do ser humano.

c) As utilizacións de embrións humanos con fins industriais ou comerciais.

d) Os procedementos de modificación da identidade xenética dos animais que supoñan para estes sufrimentos sen utilidade médica ou veterinaria substancial para o home ou o animal, e os animais resultantes de tales procedementos.

2. As variedades vexetais e as razas animais. Serán, sen embargo, patentables as invencións que teñan por obxecto vexetais ou animais se a viabilidade técnica da invención non se limita a unha variedade vexetal ou a unha raza animal determinada.

3. Os procedementos esencialmente biolóxicos de obtención de vexetais ou de animais. Para estes efectos consideraranse esencialmente biolóxicos aqueles procedementos que consistan integramente en fenómenos naturais como o cruzamento ou a selección.

O disposto no parágrafo anterior non afectará á patentabilidade das invencións que teñan por obxecto un procedemento microbiolóxico ou calquera outro procedemento técnico ou un produto obtido polos ditos procedementos.

4. O corpo humano, nos diferentes estadios da súa constitución e desenvolvemento, así como o simple descubrimento dun dos seus elementos, incluída a secuencia ou a secuencia parcial dun xene.

Sen embargo, un elemento illado do corpo humano ou obtido doutro modo mediante un procedemento técnico, incluída a secuencia total ou parcial dun xene, poderá considerarse como unha invención patentable, incluso no caso de que a estrutura do dito elemento sexa idéntica á dun elemento natural.

A aplicación industrial dunha secuencia total ou parcial dun xene deberá figurar explicitamente na solicitude de patente.»

### **Artigo segundo.** *Depósito e acceso á materia biolóxica.*

Introdúcense as seguintes modificacións no capítulo primeiro do título V da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes:

Un. Dáselle unha nova redacción ó punto 2 do artigo 25 e engádense os puntos 3 e 4, que quedan redactados como segue:

«2. Cando a invención se refira a unha materia biolóxica non accesible ó público, ou á súa utilización, e cando a materia biolóxica non poida ser descrita na solicitude de patente de maneira tal que un experto poida reproducirla invención, só se considerará que a descrición cumpre co disposto no punto anterior se concorren os seguintes requisitos:

a) Que a materia biolóxica fora depositada non máis tarde da data de presentación da solicitude de patente nunha institución recoñecida legalmente para iso. En todo caso, consideraranse recoñecidas as autoridades internacionais de depósito que adquiriran o dito rango de conformidade co artigo 7 do Tratado de Budapest, do 28 de abril de 1977, sobre o recoñecemento internacional do depósito de microorganismos para os fins do procedemento de patentes, no sucesivo denominado o Tratado de Budapest.

b) Que a solicitude, tal como foi presentada, conteña a información relevante de que dispoña o solicitante sobre as características da materia biolóxica depositada.

c) Que na solicitude de patente se indique o nome da institución de depósito e o número deste.

3. Se a materia biolóxica depositada de acordo co previsto no punto anterior deixase de estar dispoñible na institución de depósito recoñecida, autorizarase un novo depósito desa materia, en condicións análogas ás previstas no Tratado de Budapest.

4. Todo novo depósito deberá ir acompañado dunha declaración asinada polo depositante que certifique que a materia biolóxica obxecto do novo depósito é a mesma que se depositou inicialmente.»

Dous. Os artigos 44 e 45 da Lei de patentes quedan redactados como segue:

#### «Artigo 44.

1. Os expedientes relativos a solicitudes de patente aínda non publicadas só poderán ser consultados co consentimento do solicitante.

2. Calquera que probe que o solicitante dunha patente pretendeu facer valer fronte a el os dereitos derivados da súa solicitude, poderá consulta-lo expediente antes da publicación daquela e sen o consentimento do solicitante.

3. Cando se publique unha solicitude divisoria, unha nova solicitude de patente presentada en virtude do disposto no artigo 11, punto 1, ou a solicitude derivada dun cambio de modalidade da protección ó abeiro do establecido no artigo 42, calquera persoa poderá consulta-lo expediente da solicitude inicial antes da súa publicación e sen o consentimento do solicitante.

4. Despois da publicación da solicitude de patente poderá ser consultado, logo da correspondente petición e con suxeición ás limitacións regulamentariamente establecidas, o expediente da solicitude e da patente, á que, se é o caso, dera lugar.

5. Os expedientes correspondentes a solicitudes que foran denegadas ou retiradas antes da súa publicación non serán accesibles ó público.

6. No caso de que se volva a presentar unha das solicitudes mencionadas no punto anterior, considerarase como unha solicitude nova e non poderá beneficiarse da data de presentación da solicitude anterior.

#### Artigo 45.

1. A materia biolóxica depositada, a que se refire o artigo 25, será accesible:

a) Antes da primeira publicación da solicitude de patente, só a quen teña dereito a consulta-lo expediente de acordo co establecido no artigo anterior.

b) Entre a primeira publicación da solicitude e a concesión da patente, a toda persoa que o solicite ou unicamente a un experto independente se así o pide o solicitante da patente.

c) Trala concesión da patente, e aínda que a patente caduque ou se anule, a toda persoa que o solicite.

2. O acceso realizarase mediante a entrega dunha mostra da materia biolóxica depositada, sempre e cando a persoa que o solicite se comprometa mentres duren os efectos da patente:

a) A non subministrar a terceiros ningunha mostra da materia biolóxica depositada ou dunha materia derivada desta, e

b) A non utilizar ningunha mostra da materia biolóxica depositada, ou derivada desta, excepto con fins experimentais, salvo renuncia expresa do solicitante ou do titular da patente ó dito compromiso.

3. En caso de denegación ou de retirada da solicitude, o acceso á materia depositada quedará limitado, por petición do solicitante e durante vinte anos contados a partir da data de presentación da solicitude da patente, a un experto independen-

te. Neste caso será de aplicación o disposto no punto 2.

4. As peticións do solicitante a que se refiren o parágrafo b) do punto 1 e o punto 3 só poderán presentarse ata a data en que se consideren concluídos os preparativos técnicos para a publicación da solicitude de patente.»

### Artigo terceiro. Alcance da protección.

Introdúcense as seguintes modificacións no título VI da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes:

Un. O artigo 50 da Lei de patentes queda redactado como segue:

#### «Artigo 50.

1. A patente confírelle ó seu titular o dereito a impedir a calquera terceiro que non conte co seu consentimento:

a) A fabricación, o ofrecemento, a introducción no comercio ou a utilización dun produto obxecto da patente ou a importación ou posesión deste para algún dos fins mencionados.

b) A utilización dun procedemento obxecto da patente ou o ofrecemento da dita utilización, cando o terceiro sabe, ou as circunstancias fan evidente, que a utilización do procedemento está prohibida sen o consentimento do titular da patente.

c) O ofrecemento, a introducción no comercio ou a utilización do produto directamente obtido polo procedemento obxecto da patente ou a importación ou posesión do dito produto para algún dos fins mencionados.

2. Cando a patente teña por obxecto unha materia biolóxica que, polo feito da invención, posúa propiedades determinadas, os dereitos conferidos pola patente estenderanse a calquera materia biolóxica obtida a partir da materia biolóxica patentada por reprodución ou multiplicación, en forma idéntica ou diferenciadas, e que posúa esas mesmas propiedades.

3. Cando a patente teña por obxecto un procedemento que permita producir unha materia biolóxica que, polo feito da invención, posúa propiedades determinadas, os dereitos conferidos pola patente estenderanse á materia biolóxica directamente obtida polo procedemento patentado e a calquera outra materia biolóxica obtida a partir dela por reprodución ou multiplicación, en forma idéntica ou diferenciada, e que posúa esas mesmas propiedades.

4. Cando a patente teña por obxecto un produto que conteña información xenética ou que consista en información xenética, os dereitos conferidos pola patente estenderanse, sen prexuízo do disposto no punto 4 do artigo 5, a toda materia á que se incorpore o produto e na que se conteña e exerza a súa función a información xenética.»

Dous. O artigo 52 da Lei de patentes queda redactado como segue:

#### «Artigo 52.

1. Os dereitos contidos pola patente non se estenden:

a) Ós actos realizados no seu ámbito privado e con fins non comerciais.

b) Ós actos realizados con fins experimentais que se refiran ó obxecto da invención patentada.

c) Á preparación de medicamentos realizada nas farmacias extemporaneamente e por unidade en execución dunha receita médica nin ós actos relativos ós medicamentos así preparados.

d) O emprego do obxecto da invención patentada a bordo de buques de países da Unión de París para a protección da propiedade industrial, no corpo do buque, nas máquinas, nos aparellos, nos mecanismos e nos restantes accesorios, cando eses buques penetren temporal ou accidentalmente nas augas españolas, sempre que o obxecto da invención sexa utilizado exclusivamente para as necesidades do buque.

e) O emprego do obxecto da invención patentada na construción ou o funcionamento de medios de locomoción, aérea ou terrestre, que pertencen a países membros da Unión de París para a protección da propiedade industrial ou dos accesorios destes, cando eses medios de locomoción penetren temporal ou accidentalmente no territorio español.

f) Ós actos previstos polo artigo 27 do Convenio do 7 de decembro de 1944, relativo á aviación civil internacional, cando tales actos se refiran a aeronaves dun estado ó cal sexan aplicables as disposicións do mencionado artigo.

2. Os dereitos conferidos pola patente non se estenden ós actos relativos a un produto protexido por ela despois de que ese produto fora posto no comercio no territorio dun Estado membro da Unión Europea polo titular da patente ou co seu consentimento.

3. Os dereitos conferidos pola patente non se estenderán ós actos relativos á materia biolóxica obtida por reprodución ou multiplicación dunha materia biolóxica protexida obxecto da patente, despois de que esta fora posta no mercado no territorio dun estado membro da Unión Europea polo titular da patente ou co seu consentimento, cando a reprodución ou multiplicación sexa o resultado necesario da utilización para a que fora comercializada a dita materia biolóxica, e a condición de que a materia obtida non se utilice posteriormente para novas reproducións ou multiplicacións.»

Tres. O artigo 53 da Lei de patentes queda redactado como segue:

#### «Artigo 53.

1. Non obstante o disposto no artigo 50, a venda ou calquera outra forma de comercialización de material de reprodución vexetal realizada polo titular da patente ou co seu consentimento a un agricultor para a súa explotación agrícola implicará o dereito deste último a utilizarlo produto da súa colleita para ulterior reprodución ou multiplicación realizada por el mesmo na súa propia explotación. O alcance e as modalidades desta excepción corresponderán ás previstas no artigo 14 do Regulamento (CE) 2100/94, do Consello, do 27 de xullo, relativo á protección comunitaria das obtencións vexetais.

2. Non obstante o disposto no artigo 50, a venda ou calquera outra forma de comercialización de animais de cría ou de material de reprodución animal realizada polo titular da patente ou co seu consentimento a un agricultor ou gandeiro, implicará a autorización a estes últimos para utilizalo gando protexido con fins agrícolas ou gandeiros. Iso incluírá a posta á disposición do gando ou doutro material de reprodución animal para que o agricultor ou gandeiro poida proseguir a súa actividade agrícola ou gandeira, pero non a venda no marco dunha

actividade de reprodución comercial ou con esa finalidade. O alcance e as modalidades desta excepción corresponderán coas que se fixen regulamentariamente.»

#### **Artigo cuarto. Licencias obrigatorias por dependencia.**

Introdúcense as seguintes modificacións no capítulo II do título IX da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes:

Un. O parágrafo c) do artigo 86 da Lei de patentes queda redactado como segue:

«c) Dependencia entre as patentes, ou entre patentes e dereitos de obtención vexetal.»

Dous. O artigo 89 da Lei de patentes queda redactado como segue:

«1. Cando non sexa posible a explotación do invento protexido por unha patente sen menoscabo dos dereitos conferidos por unha patente ou por un dereito de obtención vexetal anterior, o titular da patente posterior poderá solicitar unha licenza obrigatoria, que será non exclusiva, para a explotación do obxecto da patente ou da variedade obxecto do dereito de obtención vexetal anterior, mediante o pagamento dun canon adecuado.

2. Cando non sexa posible obter ou explotar un dereito de obtención vexetal sen menoscabo dos dereitos conferidos por unha patente anterior, o obtentor poderá solicitar unha licenza obrigatoria, que será non exclusiva, para a explotación do invento protexido pola patente, mediante o pagamento dun canon adecuado.

3. Se unha patente tivera por obxecto un procedemento para a obtención dunha substancia química ou farmacéutica protexida por unha patente en vigor, tanto o titular da patente de procedemento como o da patente de produto, terán dereito á obtención dunha licenza obrigatoria non exclusiva sobre a patente do outro titular.

4. Os solicitantes das licencias a que se refiren os puntos anteriores deberán demostrar:

a) Que a invención ou a variedade representa un proceso técnico significativo de considerable importancia económica con relación á invención reivindicada na patente anterior ou a variedade protexida polo dereito de obtención vexetal anterior.

b) Que intentaron, sen conseguilo nun prazo prudencial, obter do titular da patente ou do dereito de obtención vexetal anterior unha licenza contractual en termos e condicións razoables.

5. Cando segundo o previsto neste artigo proceda a concesión dunha licenza obrigatoria por dependencia, tamén o titular da patente ou do dereito de obtención vexetal anterior poderá solicita-lo outorgamento, en condicións razoables, dunha licenza por dependencia para utiliza-la invención ou a variedade protexida pola patente ou polo dereito de obtención vexetal posterior.

6. A licenza obrigatoria por dependencia outorgarase soamente co contido necesario para permiti-la explotación da invención protexida pola patente, ou da variedade protexida polo dereito de

obtención vexetal de que se trate, e quedará sen efecto ó declararse a nulidade ou a caducidade dalgún dos títulos entre os cales se dea a dependencia.

7. A tramitación e a resolución das solicitudes de licencias obrigatorias por dependencias para o uso non exclusivo dunha invención patentada rexeranse polo disposto nesta lei.

A tramitación e a resolución das solicitudes de licencias obrigatorias por dependencia para o uso non exclusivo da variedade protexida por un dereito de obtentor rexeranse pola súa lexislación específica.»

#### **Disposición adicional primeira.**

Substitúese a denominación do servizo «Informe sobre o Estado da Técnica para Información Tecnolóxica», que ofrece a Oficina Española de Patentes e Marcas dentro da súa prestación de servizos documentais, pola de «Informe Tecnolóxico de Patentes», sen que se modifique a contía da taxa coa que está gravado o dito servizo.

#### **Disposición adicional segunda.**

O Goberno, no prazo de seis meses desde a publicación desta lei, desenvolverá regulamentariamente as condicións de depósito de materia biolóxica nas institucións recoñecidas para o efecto e do seu acceso por parte de terceiros, na medida en que as ditas condicións non estean xa reguladas nas normas internas ou nos convenios internacionais vixentes en España.

#### **Disposición transitoria única.**

As disposicións desta lei referidas a patentabilidade, depósito e acceso á materia biolóxica aplicaranse a todas as solicitudes de patentes que, á entrada en vigor desta, estean pendentes de resolución, e as referidas a licencias obrigatorias por dependencia, ás licencias que se soliciten despois da súa entrada en vigor.

En todo caso, o alcance da protección das invencións biotecnolóxicas regularase polas disposicións desta lei.

#### **Disposición derogatoria única.**

Quedan derogadas tódalas disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ó establecido nesta lei.

#### **Disposición derradeira única.**

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 29 de abril de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

